

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folia autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. O artigo 16 da Lei 3/2001, do 28 de maio, establece que a historia clínica conterá:

- A) O médico responsable.
- B) Suficiente información para identificar ao paciente.
- C) Datos que identifiquen ao proceso sanitario.
- D) Todas as respostas son correctas.

2. O persoal estatutario cando accede a un posto de directivo dun servizo de saúde ou dunha institución ou centro sanitario do Sistema Nacional de Saúde, será declarado en situación de:

- A) Servizo activo.
- B) Excedencia no sector público.
- C) Servizos baixo outro réxime xurídico.
- D) Servizos especiais.

3. O artigo 16 da Constitución Española de 1978 establece que:

- A) Todas as confesións relixiosas terán carácter estatal.
- B) Só a relixión católica terá carácter estatal.
- C) Terán carácter estatal todas aquelas confesións que o soliciten.
- D) Ningunha confesión relixiosa terá carácter estatal.

4. Segundo o artigo 26 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, cal dos seguintes requisitos dos/as aspirantes non é necesario para acceder aos procesos de promoción interna?

- A) Ter a condición de persoal estatutario fixo de outra categoría igual ou inferior.
- B) Ter a titulación requirida.
- C) Estar en servizo activo en institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.
- D) Ter unha antigüidade como estatutario fixo na categoría de procedencia de polo menos cinco ano.

5. O artigo 72 do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, clasifica as faltas en moi graves, graves e leves, cal das seguintes faltas ten a consideración de falta grave?

- A) A notoria falta de rendemento que comporte inhibición no cumprimento das súas funcións.
- B) O abuso da autoridade no exercizo das súas funcións
- C) O incumprimento das normas sobre incompatibilidades, cando supoña o mantemento dunha situación de incompatibilidade.
- D) A incorrección cos superiores, compañeiros, subordinados ou usuarios.

6. Cal das seguintes medidas de fomento das condicións de emprego en igualdade na Administración Pública Galega non se contempla no título II, capítulo I, do Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en materia de igualdade?

- A) A promoción do exercizo dos dereitos de conciliación.
- B) O control das ofertas de emprego.
- C) A composición paritaria dos tribunais examinadores.
- D) A paridade dos cargos directivos da Administración Autonómica.

7. A Lei 3/2001, do 28 de maio, indica que a prestación do consentimento informado:

- A) É un deber do paciente.
- B) O consentimento se manifestará de forma oral nos casos de intervención cirúrxica.
- C) Debe recabarse polo médico designado polo centro sanitario para a atención do paciente.
- D) Todas as respostas son correctas.

8. O artigo 51 da Lei 14/1986, Xeral de Sanidade, dispón que os servizos de saúde das comunidades autónomas:

- A) Planificaranse con criterios de racionalidade, segundo as súas necesidades.
- B) A ordenación territorial dos servizos de saúde é competencia das comunidades autónomas.
- C) As administracións territoriais intracomunitarias non poderán crear novos centros ou servizos sanitarios, senón de acordo cos pláns de saúde de cada comunidade autónoma e previa autorización da mesma.
- D) Todas as respostas son correctas.

9. Segundo o artigo quinto do Estatuto de Autonomía para Galicia, a lingua propia de Galicia é:

- A) O castelán e o galego.
- B) O castelán.
- C) O galego.
- D) Todas as respostas son correctas.

10. Segundo o artigo 51 da Lei de Saúde de Galicia, o nivel de asistencia sanitaria que se caracteriza por unha alta intensidade dos coidados requiridos ou pola especialidade do coñecemento e/ou tenoloxía denomínase:

- A) Atención primaria.
- B) Atención especializada.
- C) Atención a urxencias e emerxencias.
- D) Atención sociosanitaria.

Preguntas de reserva

1. O artigo 21 da Constitución Española de 1978 recoñece o dereito de reunión pacífica e sen armas. O exercizo deste dereito:

- A) Necesitará autorización previa.
- B) Necesitará comunicación previa á autoridade gubernativa.
- C) Non necesitará autorización previa.
- D) Necesitará comunicación á autoridade local respectiva.

2. Segundo o artigo 17 do Estatuto de Autonomía para Galicia, en que casos pode cesar o goberno da Xunta de Galicia?

- A) Soamente tras as eleccións ao Parlamento de Galicia.
- B) Pola dimisión de máis da metade dos seus membros.
- C) Por decisión da maioría do Senado.
- D) Tras as eleccións ao Parlamento de Galicia, nos casos de perda de confianza parlamentaria, dimisión e falecemento do seu Presidente.